

MESTRES DE GARDA, EN DPTOS. OU OUTRAS ESTANCIAS

Ó oír a Alarma Acústica de emerxencia:

- Abandonarán a estancia que ocupen asegurándose de que estea baleira e confirmará que se cerran portas, ventás (se é posible) e se corte a subministración eléctrica (en cadro se existe, ou senón no corte do interruptor de alumado) da estancia e marcará que foi evacuada e revisada (p.e. cun papel na zona de cerre da porta ou cunha cadeira na porta).
- Fixarse que aulas ou departamentos están fora do centro por visitas u outras causas.
- Dirixiranse ao punto de encontro (conserxería) e esperan instrucións que lle poida dar o equipo directivo (chaleco de cor verde) uo a dirección (chaleco de cor amarelo). O seu labor será garantir a revisión do centro así como unha boa evacuación, evitando interrupcións e controlando que non quedan persoas atrasadas, para iso abrirán as portas de saída de maneira completa e situáense en puntos de tráfico conflictivo (escaleiras e portas de saída) para axilizar a evacuación.

A persoa encargada da biblioteca será a encargada da evacuación dos alumnos que a estean ocupando nese momento (mesmas pautas de cerre de portas e ventás, corte de subministración e marcar a aula como evacuada).

Nota: Se a emerxencia se produce durante o tempo de lecer:

Os mestres dirixirase ás saídas de evacuación respectivas dos seus grupos segundo os horarios correspondentes e os profesorado de garda e persoal de biblioteca terán as mesmas tarefas que tiñan asignadas anteriormente.

Recomendacións:

Guía de boas prácticas durante a evacuación

- **Manteña a orde ó saír, non corra, non berre e fale o menos posible.**
- **Axude e sexa solidario con aqueles que por calquera causa teñan diminuídas a súas facultades físicas (é conveniente asignar uns alumnos que no caso de emerxencia puidesen axudar).**
- **Evite a curiosidade; e se a súa presenza non é necesaria non debe permanecer en zonas de conflito ou evacuación.**
- **Utilice as vías e portas de evacuación que están marcadas e sinalizadas, seguindo as indicacións e dirección sinalizada en sinalización fotoluminiscente de evacuación)**
- **Non se demore recollendo obxectos persoais.**
- **Non utilice os ascensores nin ramplas mecánicas durante a evacuación.**
- **Realice a evacuación a rentes do chan no caso de presenza de fumes.**
- **Se queda bloqueado nunha estancia, deixe as portas pechadas, abra las ventás e axite os brazos pedindo axuda.**

DIRÍXASE Ó PUNTO DE REUNION FIXADO E PERMANEZA NEL ATA RECIBIR INSTRUCIÓNES.

No PUNTO DE REUNION:

- Seguirá mantendo a fila en orde.
- Verifícase contando que ten todos os alumnos que había na aula.
- Buscará a membro de equipo de identificación e control (secretario ou xefe de estudos) que esta con chaleco de cor azul e transmitiralle de que clase é e se están todos os alumnos así como outros datos de interese que vexa convenientes.
- Manterá aos alumnos controlados

